

APRENDO COA PAC EN DOUS MINUTOS

Os soutos contribúen a dar impulso á biodiversidade que quere a Unión Europea

Fungos, abellas e outros polinizadores conviven nas masas forestais de castiñeiros

Se queres ver o vídeo do valor dos soutos de castañas que hai en Galicia, le este QR ou teclea na barra de Internet: <https://cuttly/4gWMTQI>

M. C.

«A biodiversidade é esencial para a vida. A natureza dános alimentos, medicamentos, materias primas, ocio e contribúe á nosa saúde e benestar. Un ecosistema san filtra o aire e a auga, contribúe ao mantemento do equilibrio climático, transforma os residuos en recursos, poliniza, fertiliza os cultivos...». Esa é a principal razón pola que a Unión Europea (UE) impulsa a súa conservación promovendo diferentes medidas dirixidas ao coidado do medio ambiente dentro da súa política agraria común (PAC). Esas directrices están recollidas na súa Estratexia sobre Biodiversidade para 2030, un documento no que se fai fincapé, entre outras cousas, na importancia de recuperar os nosos bosques autóctonos, fogar dunha grande biodiversidade. Porque onde hai castiñeiros tamén hai fungos, abellas, pequenos animais ou insectos que con-



ILUSTRACIÓN PINTO&CHINTO

tribúen a frear as pragas ao exercer de axentes dunha loita biolóxica natural contra invasores. Porque canta maior biodiversidade, menos necesidade de químicos para erradicar as pragas.

Baixando ao terreo galego, uns dos bosques autóctonos característicos da comunidade son os de castiñeiros, os soutos. Agora que

estamos en plena tempada de recollida dos seus froitos, as castañas, é a oportunidade perfecta para falar de todo o potencial que teñen estas masas de frondosas que, máis alá da rendibilidade que pode xerar a recolección profesional das castañas —sobre todo as amparadas baixo a indicación xeográfica protexida

(IXP) Castaña de Galicia—, contribúen a fixar poboación no medio rural ao ser un dos engraxes que moven a economía nas zonas máis afastadas ou despoboadas da comunidade.

Pero tamén son fonte de emprendemento rural ao sustentar iniciativas empresariais para pór en valor a castaña, un alimento

esencial da dieta atlántica que era omnipresente nas mesas galegas antes de que a pataca chegara de América. De feito, cada vez é máis doado atopar nas tendas galletas ou biscoito de castaña, *marron glacé*... Pero tamén son cada vez máis os cocineiros que recuperan receitas tradicionais como o caldo de castañas.

Máis aló de todo iso, os aproveitamentos dos soutos que se conservan, sobre todo, no interior das provincias de Lugo e Ourense son amplos.

A recolleita de diferentes tipos de setas que medran á súa sombra nunha perfecta harmonía entre árbore e fungo, a produción de mel de castiñeiro na alta montaña lucense e ourensá, os paseos e baños de bosque que contribúen a mover a roda do turismo rural... E sobre todo o descubrimiento da importancia de conservar a natureza.

Financiado por el programa IMCAP de la Unión Europea

El contenido de la presente publicación representa únicamente las opiniones del autor y es responsabilidad exclusiva de este. La Comisión Europea no asume ninguna responsabilidad por el uso que pudiera hacerse de la información contenida en dicho material.

APRENDO ARTE

O pórtico da Gloria, no teu móbil



Para ver a foto do pórtico da Gloria en xigapixeles, escanea o QR, ou en porticodelagloria.fundacionbarrie.org/

S. CABRERO

Galicia atesoura unha das maravillas mundiais da arte románica: o pórtico da Gloria. Esta xoia arquitectónica ten máis de 200 figuras talladas polo mestre Mateo hai xa máis de 800 anos. A súa beleza asombra a todos aqueles que visitan a catedral de Santiago, encargada de custodiala. O que nunca imaxinou o mestre Mateo foi que a súa espectacular obra puidese ser gozada dende calquera fogar do mundo sen necesidade de trasladarse ate o corazón do Camiño.

A obra cumio da escultura románica en España xa está ao alcance de todos aqueles que teñan

un simple móbil ou un ordenador na súa casa. E, ademais, aqueles que se aventuren a deixarse levar por tanta beleza poderán facelo dende agora a un nivel de detalle nunca visto antes.

Sabías que o pórtico foi restaurado hai poucos anos? Entre o 2006 e o 2018, a Fundación Barrié puxo mans á obra para tratar de devolver a estas figuras o esplendor de épocas pasadas, doce anos de traballo nada menos. Pero os responsables da Fundación quixeron ir un paso máis aló. E por iso decidiron dixitalizar en superalta resolución os 200 metros cadrados deste monumento. Detrás hai máis de catorce horas de traballo para capturar máis de 2.700 imaxes cun robot intelixente que foi o encargado de trasladar as pedras centenarias directamente ao mundo dixital.

Presta moita atención. Mira as expresións dos rostros que for-



As figuras que forman o pórtico contan pasaxes da Biblia.

man parte do pórtico da Gloria, bota unha ollada ás súas roupas e, sobre todo, deixa voar a túa imaxinación para recrear na túa mente a gran función de teatro que se recolle nestas pedras tan especiais. Fixa a túa mirada no arco central. Nese lugar represéntase unha visión da apocalipse. Cristo resucitado regresa ao mundo rodeado polos catro evanxelistas.

Poderás reconecelos porque levan os seus animais simbólicos: Lucas, un touro; Xoán, unha aguija e Marcos, un león. O cuarto, Mateo, leva unha caixa porque el era o encargado de recoller os impostos. Tamén poderás ver aquí, na arquivolta, os 24 anciáns que conversan entre si mentres afinan os instrumentos.

O patrón da catedral, Santiago Apóstolo, preside a columna central de mármore. El nos invita a entrar ao templo. Bota unha ollada aos millóns de pegadas de mans que foron deixando os peregrinos na columna. E detrás de todo isto aparece a figura do arquitecto, o mestre Mateo, que figura axeonllado. Pero isto é só o principio. Hai moitos máis segredos que descubrir. Podes facelo descargando a aplicación ou accedendo á páxina web. Así, viaxarás a través do tempo e descubrirás unha historia marabillosa.

NEWSLETTER

Esta semana na newsletter de educación que ofrece La Voz de Galicia falouse dun estudo moi interesante que pon en valor a determinación como base para o triunfo das persoas na vida. Angela Duckworth, profesora e psicóloga, preguntábase por que non se mide e fomenta na escola esta capacidade das persoas de ter claro un obxectivo e loitar por el. Tamén no boletín, faise un repaso ás novidades do mundo da educación, dende as obras no IES Antón Fraguas ata o informe de Esade que propón destinar 10.000 millóns en educación para paliar os efectos do covid ou o premio do IES de Cacheiras en Córdoba. Termina o boletín semanal cun resumo dos avisos do DOG e o BOE.

Recorda que se queres recibir o boletín, tes que darte de alta, gratas, en www.lavoz/newsletter